



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE

SENDAS PEONÍS E/OU CICLISTAS EN ÁMBITOS METROPOLITANOS
MELLORA VIARIA PARA O FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE
NA ESTRADA PO-323 2ª FASE (VIGO).

1 Obxecto da Actuación

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a definición das actuacións necesarias para desenvolver o eixo de mobilidade sostible na estrada PO-323 (Avda. de Galicia), situado no concello de Vigo, dende o límite municipal co concello de Redondela ata o IES de Teis.

Con esta actuación persegue-se o fomento da mobilidade segura e sostible así como a mellorara da mobilidade interna na cidade de Vigo, para o que se realizarán conexións coa trama urbana de beiravías existentes e con itinerarios alternativos (Senda Verde).

2 Plan de estradas

A estrada PO-323 encadranse dentro da rede local conforme ao catálogo vixente da rede de estradas de Galicia.

3 Descrición da Actuación

Propónse a execución dunha senda peonil e ciclista na PO-323, entre os pq 2+120 e 3+680, a reposición de pavimento dos itinerarios existentes, a execución de zonas de aparcadoiros e a execución de pasos peonís sobre-elevados nas interseccións que permitan a interconexión con outros itinerarios peonís.

Nas zonas onde o espazo disponible o permite implantarase arbolado de baixo porte e fácil mantemento.

A actuación proxectada non contempla cambios sobre o trazado en planta senon unha redistribución das seccións para habilitar itinerarios e os elementos funcionais, tamen se mantén a rasante da estrada existente.

4 Características técnicas

Lonxitude do treito: 1,56 Km

Sección tipo

- Senda: 4 m (con estreitamentos puntuais a 2 m)

- Aparcadoiro: 2,25 m

- Calzada: 2 carrís x 3,25 m

- Beirarrúa peonil: 1,80 m mínimo

Aparcadoiro

Con esta actuación xerase unha superficie total destinada a aparcadorio de 5.879 m² cunha capacidade aproximada de 200 vehículos.

Fimes e pavimentos:

- Zonas onde non e necesaria a ampliación da plataforma: realizarase un fresado do firme actual de 5 cm, aplicarase unha rega de adherencia e unha capa de rodadura de 5 cm con MBQ tipo AC 16 surf S 50/70.

- Senda compartida: 20 cm de saburra artificial, 16 cm de formigón desactivado HF-4.0 en cor RAL 7030

i - Itinerario peonil: 20 cm de saburra artificial, 12 cm de formigón HM-20 e lousa de 30x20x6,5 cm

- Aparcadoiro: 20 cm de saburra artificial, rega de imprimación e 20 cm de formigón HF-4.0.

- Vados e pasos peonís : adoquinado embebido en formigón según o modelo empregado no concello de Vigo.

- Bordos: realizaranse granito de 22x20 cm sobre cama de asento de formigón de 10 cm de espesor.

Estructuras:

Co fin de acadar un ancho cómodo e practicable na senda proxectase unha ampliación da beirarrúa mediante a execución dunha estrutura en voladizo de ancho variable (1,00-1,60 m) en tres zonas da actuación:

Entre os pq 2+618 e 2+680 (61,79 m de lonxitude), do pq 3+065 e 3+195 (129,25 m de lonxitude) e do pq 3+390 ao 3+450 (60,04 m de lonxitude).

Ao longo das zonas en voladizo colocarse unha baranda de protección de aceiro de 1,10 m de alto

5 Poboación servida

Vigo 293.837 hab.

TOTAL 293.837 hab.

6 Concellos Afectados

Vigo

7 Expropiacións

Superficie expropiada: 6.342,20 m² (46 parcelas) encadrados no concello de Vigo

Orzamento de solo 135.855,00 €

Orzamento bens 130.715,00 €

5% afección 14.244,25 €

Ocupacións temporais 18.315,00 €

Orzamento Total Expropiacións 299.129,25 €

8 Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CATORCE (14) meses.

9 Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (máis 21% IVE) 3.334.602,71 €

Orzamento Total Expropiacións 299.129,25 €

Orzamento Servizos Afectados 300.000,00€

Orzamento para Coñecemento da Administración 3.933.731,96 €

Situación



Planta actuación

